

## **MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR**

Con posterioridade á aprobación do regulamento producíronse as modificacións ao mesmo que se sinalan a continuación:

### **1. *Adecuación das normas e procedementos anteriores á Lei Orgánica de Calidade da Educación.***

A Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, en aplicación da Lei de Calidade de Educación, establece que o Director é o Órgano competente para resolver os conflitos e impoñer todas as medidas disciplinarias que corresponden aos alumnos, derogando o artigo 5 do Decreto 723/1995 polo que se establecen os Dereitos e Deberes dos alumnos, no que se determinaba como órgano competente ao Consello Escolar. Polo tanto, naqueles puntos das Normas de Convivencia nos que se sinale como órgano sancionador ao Consello Escolar, haberá que entender que este será un órgano consultivo e que o Director será o que resolverá a sanción, ratificando en todos os casos a decisión do Consello Escolar, tras seguirse os procedementos sinalados nas referidas Normas. Sen embargo, nos casos nos que sexa preciso impoñer unha sanción de forma inmediata, o director poderá tomar a decisión informando con posterioridade ao Consello Escolar.

### **2. *Modificacións ao regulamento aprobadas polo Consello Escolar***

a) Na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2006 apróbese derogar a seguinte norma “ As faltas de asistencia non xustificadas que se produzan no mesmo día ou no anterior a algún exame, darán lugar á perda de dereito á realización do mesmo” recollida no punto 4 do capítulo referente a faltas de asistencia.

b) Na sesión celebrada o día 5 de novembro de 2006 decídese modificar o punto 6 da normativa de convivencia quedando do seguinte modo: Non se permitirá a utilización nas aulas de aparellos musicais, gravadoras nin instrumentos alleos á clase que poidan impedir o seu desenvolvemento normal. Non se permite traer ao instituto o teléfono móbil. Este feito será considerado falta grave sancionable coa perda de dereito de asistir ao centro por un período de 1 a 3 días.

c) Na sesión celebrada o 8 de abril de 2008 modifícase o punto 2 da normativa de convivencia que queda redactado do seguinte xeito: Os alumnos de Bacharelato poderán saír do centro nos recreos. Así mesmo poderán saír á última hora de clase se faltase o profesor e así llo permite o profesor de garda. Os alumnos do 2º ciclo da ESO que teñan permiso paterno poderán saír nos recreos, amosando o correspondente carné.

d) Na sesión celebrada o día 29 de xullo de 2009 apróbase modificar o último parágrafo do punto 5.2.1 sobre os Dereitos dos alumnos, quedando redactado do seguinte xeito:

- Os alumnos, a partir de 3º da ESO, teñen dereito á folga tendo en conta as seguintes precisións:
  - A convocatoria deberá ser clara, pública e ser presentada na Xunta de Delegados para que estes informen ás clases.
  - Nas aulas realizaranse as pertinentes votacións que serán indicativas, non vinculantes.
  - O Delegado informará ao Equipo Directivo de todo o proceso como mínimo cun día de antelación e por escrito, indicando os nomes dos alumnos que decidiron secundar a folga que deberán firmar o escrito.
  - Os alumnos que non secunden a folga teñen dereito a recibir a súa educación no centro con toda normalidade.
  - Ningún alumno poderá ser marxinado ou denigrado polo feito de secundar ou non secundar unha convocatoria de folga.
  - A Dirección enviará unha circular informativa ás familias dos alumnos do 2º ciclo de ESO e de 1º de bacharelato, co fin de que os pais sexan conscientes de que o seu fillo pode estar entre os que secundan a folga
  - O alumnado que secunde a folga non poderá entrar no instituto durante todo o tempo que dure a mesma.